

Tui

# Presentación do novo número da «Revista Galega de Educación»

LA VOZ | TUI

■ A sala da Fundación «Félix Rodríguez» do edificio Área Panorámica de Tui, acolle hoxe, ás 20.00 horas, a presentación do número 37 da Revista Galega de Educación, que edita a asociación de renovación pedagóxica «Nova Escola Galega». O acto conta coa colaboración da Concellería de Cultura. Na presentación intervirán Xesús Rodríguez, da Facultade de Ciencias da Educación da USC, director da revista, Paco Veiga, profesor no IES de Melide, coordinador do monográfico dedicado aos xogos tradicionais e Xosé Manuel Malheiro, da Facultade de Ciencias da Educación da USC.